

A NOVA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 57

A CRUÑA 10 DE XUNIO DE 1918

O NOSO CACIQUISMO

Como fala d'él un extranxeiro

CANDO s'aborda o problema do caciquismo, os políticos españoles, co-a miopía que padecen, toman o efeuto pol-a causa e queren correxilo centralizando mais e mais a administración. Ó falarlles de descentralización, d'autonomía municipal, ouxetan pondo o exempro do qu'ocorre na actualidade nos pobos, e deducen qu'os desaguisados serían maiores si non eisistira a cortapisa do goberno. Non comprenden ou non queren comprender qu'o caciquismo quen o sostén é o mesmo goberno. Quitádelle ó cacique, quitádelle ó alcalde o apoio do gobernador da provincia, e o seu poder desfáise súpetamente; mais os pobos non poden loitar contra d'ise apoio. Xa sei qu'hai outro xeito de caciquismo adquirido pol-o infruxo que donan a riqueza, a intelixenza e outra porción de circunstancias, as cales fan qu'a maioría dos veciños d'un grande ou pequeno pobo, sométanse á direuzón e á autoridade d'unha persoa prestixiosa antre eles; mais iste caciquismo, si eisí pode chamárese, nace da vountade dos administrados, e anque non sexa comenente, porqu'os pobos deben sere ceibes e conscentes, é un grado de progreso respeito ó caciquismo actual, que se non afinca mais que no despotismo do poder e no apoio qu'iste dona a determinada persoa, sin que teña título algún pra impoñela ós seus conveciños, e sin qu'istes queiran sometérense á súa dominazón. Ahí, ahí está o orixen do mal. Os pobos axiña emanciparíanse dos caciques si os gobernos concederánlles autonomía. Nos gobernos civiles e no ministerio da Gobernazón é onde s'hacha a fonte dos escándalos municipais que se rexistran. Déixese ós pobos que s'administren de seu, e ollarase qu'axiña se rematan isas vergoñas que constituíen un padrón d'ignominia pr'á España antiga e a España moderna. Déixese ós pobos que se gobernen a sí propios, e axiña trocaráse o carácter dos españoles, adquirindo unha enerxía da qu'agora carece, porque chegou a apoderarse do seu azo o desalento e o escepticismo. Déixese ós pobos a súa autonomía, i-estonces conseguírase óuter unha

representación verdade da opinión pública e unha eispresión real da vountade do Estado. Agora ben; percisamente isto é o que temen os gobernos. Sin raíces na opinión, sin ideaes nos seus programas, atentos únicamente a satisfacer o seu desexo de mandar, os partidos actuales non poden vivire sin isa rede eistendida por todo o país, que suxeta ó derradeiro dos españoles á vountade do que

ocupa o pazo da Persidenda. Si isa rede se crebase, si os pobos e as provincias foran libres, si se plantease en España de verdade o sistema constituzonal e s'abandoase o sistema ausolutista, qu'agora rixe con formas mentidas de constituzonalismo, as Cortes eispresarían a vountade dos españoles, e os partidos actuales, xuntanzas artificiales de persoas sin programa e sin orientazón, non poderían gobernare. Por iso afóutome a vaticinare qu'o sistema constituzonal de verdade tardará en imprantárese en España e seguirá imperando alí o ausolutismo até non sei cando.

(Do libro *O atraso de España*, de J. Chamberlain.)

ANACOS DE PAROLA

PEQUENAS OUSERVAZÓNS

MOITAS son as cousas pol-as que, os nazionalistas, temos de loitar rexa e barilmente. Moita é a porpaganda que nós temos de faguere. Incontabres serán os traballos que teñen d'acorarnos denantes de qu'abrangamos a realización do noso outo e caro ideial. A donazón, mellor diríamos a devoluzón, a Galicia, da súa concenza de nazionalidade, oxe tan esvaída, con dereito á libertade e vida propias; con todas as atribuzóns inherentes a unha nazionalidade ceibe, viva e latexante. Mais aínda qu'a labore é dura, e ten de sere cada vez mais dura, ela donará os seus froitos tarde ou axiña.

Unha nazionalidade poderá permanecer dormida moito tempo, moitísimo; mais cando n-ela s'inician os síntomas do espreguizamento—i-en Galicia xa fai tempo que s'iniciaron—aquela nazionalidade irá recobrándose a sí mesma con mais ou menos lentitude, até chegal-o momento en que, xa posta de pé, con prena concenza da súa forza e do seu lexítimo dereito a gobernarse por sí mesma, sin intromisións alleas, loite barudamente, sin acougo algún, por abranguere aquela forza e aquel dereito que, si denantes lle non percisaban por vivire aletargada, no momento que se sinte súa sonlle indispensabres pr'ó desenvolvi-

mento eficaz da súa eisistencia ceibe e soberán.

Agora ben, inda que toda ista labor vaia intensificándose cada vez mais, outras labores hai das qu'os nazionalistas non deben desentendérense. A obra de faguer revivil-a yalma medio morta da nazionalidade galega, ten de sere acompañada d'outras obras complementarias, por eisí decilo, d'aquela tarefa noble, outa e santa.

Os nazionalistas, ó loitaren pol-o recobro da persoalidade nazonal galega, debemos ter persente de cote qu'aquel recobro endexamáis será complotado si con él non abranguemos pr'á dignidade do noso pobo o respeito que todol-os eistranos deben gardarlle. E iste respeito terá d'ire acompañado indefeütiblemente, d'unha maneira rotunda, pol-o conquerimento dos dereitos qu'a lingua correspóndenlle, dereitos tan decididos e complotados como os qu'a lingua da dominazón unitaria puidera ter na época da súa mais outiva preponderanza. E mester, n-unha verbe, qu'a reivindicazón sexa complotada, ausoluta e totalmente, pra qu'á soma d'unha autonomía amplísima o noso pobo poida manifestárese como amo dos seus propios intreses e señor único dos seus destinos.

XAN QUINTO.

AO BOSQUE

(ODA)

Bosque amigo, na túa soledade
Que a reo nos ofreces generoso,
Topéi sempre gozoso,
Recollo en que amainar miña tristura,
Memorias deleitosas
Renovando no fondo da espesura.

E das albres ás sombras acollido,
Os rayos eu jamás sentín do lume,
Que dende do alto cume,
Con viva lus o ardente sol derrama,
E van o chan bicando
Se pasar poden a través da rama.

Eu, voso admirador, albres fermosas,
A man que vos prantou sempre bendigo,
E vosoutras comigo,
Que agradecidas sodes, elevades
Unha oración por ela,
Cando ao sopro da bris doces soades.

¡Como baixo da vosa ramalleira
A meditar se incrina a nosa mente!
¡Canto caso doente
Quizal-os vellos toros escoitaran,
E relatar puideran
Se da eterna mudés se libertaran!

¡Cantas veces o home con soberva
A par que vosa abóveda brindaba,
O tolo despreciaba,
Tras de incertos honores e riqueza
Correndo presuroso,
E no oprobio morrendo, ou na pobrezal
Tamén un día vós, ay morreredes,

Porque de todo o fin está marcado,
Se acaso o vil malvado
Non crava antes en vós o vil aceiro,
Ese aceiro incrementa,
Da torpe destrución constante obreiro.

Ah! Maldito o que a estólida ousadía
O leve a feril-a vosa pela,
Baijo da infausta estrela
Tal ingrato padeza, e ni unha folla
Por cubrición atope
Cando o férvido sol nun claro o colla.

Mas eu quixér meu derradeiro día,
Ouh bosque, atopar na túa espesura,
Longe da gente dura
De geyo para a dór, nese teu brande
E caladiño seo,
No esquencimento eterno repousando.

E a miña triste lira que ja foge
D'aquesta froxa man e non alcanza
Dos meus feros curanza
E agora muda está, na ramalleira
Se vise pendurada,
Sendo da miña fin a mensaxeira.

Para cando ventar tremendo as cordas
E do sono acordando con dozura,
Ceibando unha voz pura,
Tivese sons de sin igual encanto
Bentando paz e trunfo, nas almas,
Infundindo pracer santo.

FLORENCIO VAAMONDE.

lion». E vivides do refrexo da miña persoalidade. Saíchedes da ultra-sombra co'as áas que vos emprestou o meu cerebro. Sodes ceros á esquerda postos por min á direita.

Os que vos tran e levan, puñeron a tea d'araña do seu proveito—¡mal pocadiños!—nos recunchos do edificio feito por min. Non viven d'outra cousa que do pulo inicial que dou o meu espírito. Sempre terán no pasaporte o meu cuño. Fixen sonas da nada; poido desfacelas, si me peta.

¡Probes dos homes que non teñen mais vida interior que a das secas verbas, e que reducen os seus sentimentos a unha eistencia oral pra engayolare y-almas simples!—como dixo un esquireto.

¡Probes dos homes que por querere chegar ó cume por atallos moles, fuxindo dos fios das penas, afóndanse parvamente no fango mouro no que mais se chañtan cantos mais esforzos fan pra rubire!

¡Probes d'istes homes que por fitar aló, na azul lonxanía outa, ás aguias indifrentes a eles, acaban por odiar as aguias e por facérense segredarios dos patos e entendérense cos patos, coidando que lles emprestaran suas áas aves de tan baixo pulo, pra poder conquerire o cume cobizado!

Así falaba un neto de Breogán.

Pol-a interpretación,
A. VILLAR PONTE.

TAL COMO CHEGOU A NOS

Unha carta exemprar

Oitocentas mulleres galeguistas.

TENDO conocimiento de que a Irmandade da Fala na Cruña está facendo unha colleita pra adequirir unha bandeira, as donas e mozas d'esta vila, encravada nas ridentes Mariñas, queren que dos fios que han de componse o grorioso pano, haxa algú que sexan donados por nós.

Enviamos, pois, esas cento cincuenta pesetas e mail-a lista de suscripción; e facemos ferventes votos porque esa bandeira azul e branca, símbolo da nosa terra, sexa escintilada por un sol de groria e que n-un porvir non lonxano agarime a unha raza redimida, libre e orgullosa de sentirse enxebremente galega.

Saúde e patria.

En Sada pra Cruña, 29 de Mayo de 1918.

As rapazas da comisión executiva: *Laura Prado.*—*Secundina García.*—*Manola Bermúdez.*—*Marta García.*—*Rosario Fernández.*

Gurgullas do espírito

(PRA CALQUERA E PRA NINGUÉN)

DIXO Buffon, mais dinantes dixérao Félix Morcillo, un español: «o estilo é o home.»

Irmáns: desconfiade dos homes doces de doce sorrisa, que non teñan un estilo craro.

Un condanado no Inferno do Dante, dille a outro oubindo falar ó autor da *Eneida*:

—Virxilio non vive, porque non fai sombra.

Somente viven vida d'homes aqueles que fan sombra.

Eu non teño culpa ningunha porque na sombra que deita no chan o meu vivire público, nazan os microbios da envexa e a trilla pezoñenta capaz de furare as millares reputaciós c'un xu-xu-xu contino, que nin c'a cobardía ten comparanza.

A ingratidade dos homes non me produce carraxe. Diante d'ela sinto unha fonda voluptuosidade.

O meu espírito aristocrático, de gran siñore d'ideias, pode homillar ós ingratos e facerlles deixar camiño libre, sempre que lle pete, con espallar unhas moedas, froito do propio pensamento e do propio valore, no chán pol-o que aqueles cobreguean.

Ingratos que non sabedes nin siquer disimulare a vosa ingratidade: ollade a miña sorrisa na que latexa o sereo desencanto de total-as cousas. Ela terá de sere, sempre que eu queira, un látigo pra vós; un látigo que vos faga dobregar a vosa cabeza valeira, d'escravos. Vede os meus ollos c'oa transparencia cristaiña das augas mariñas que amostan un fondo limpo e sinxelo.

O meu espírito ten pulos de «griffe de

FOLLAS NOVAS

(CRÍTICA DE LIBROS)

"A CARÓN DO LUME"

Poesías de Xavier Prado (Lameiro)
e'un prólogo de M. Sueiro.

Do prelo acaba de saíre un novo libro de composizóns poéticas. O seu autore certamente que non resulta pra nós un desconocido nin moito menos. Todol-os leutores d'*O Tío Marcos da Portela* sabiamos xa como era Lameiro, e como nas súas poesías refrexábase o espírito aldeán co-as múltiples e variadas facetas qu'o integran; mais iste conocimiento, qu'os leutores d'*O Tío Marcos* tiñamos do poeta, non era comprobante, hachábase moi lonxe de selo. *A Carón do lume* vennos a donar ise conocimiento.

Dende os primeiros versos, anque cicais moi esvalda, ousérvase que por antre eles flúie algo eisí com'unha derivazón da vea poética qu'enchéu d'inocente algueireo aldeán e de macio recendo labrego as poesías esgrevias do chamado Milton galego, do diviño autore d'*A Musa das aldeas*, a quen Ourense, honorándose a sí mesmo, acaba de glorificar con un sinxelo moimento. Dende logo ninguén poderá negare o influxo do mestre por antonomasia na obra de Xavier Prado. A bon seguro que a leutura dos versos de Lamas, xunta co-a observazón direuta e repousada da vida aldeán, determinaron a concreuzón poética qu'oxe nos é ofrecida baixo o título, por demáis enxebre e suxerente de *A Carón do lume*.

Algunhos reparos, inda que pequenos, temos que faguer con respecto á contextura xeral da obra. Sabemos perfectamente que nela háchase refrexadas, sin atenuazóns

que sempre desnaturalizan, as picardías e os retrousos que de cote reoxuban nos feitos todos dos nosos labregos, mais inda que certas eispresións e alusións non fosen esquirtas tan descarnadamente, con tanta ispidéz, non por iso os versos perderían forza e realidade; moi pol-o contrario, saírfan ganhando co-a supresión ou co-a cobertura disgregada. Hai ocasiós—óllese por exemplo as composizóns nomeadas *O cacique rural* e *O manciñeiro*—en que ningunha falla facían certas verbes d'abondo eispresivas. ¿Cando adprenderemos a non lixugal-o noso idioma cò léxico d'estrume? Algún outro repariño mais afoutaríamos a faguer con respecto ô linguaxe chamado d'acordeón, do que tanto emprego se fai no libro, sinón fose porque o tal linguaxe vaise deterrando pol-a actual xenerazón literaria, como algo desusado, falso, inarmónico, fallo d'eisquisitez e d'aquela dozura qu'o verdadeiro galego tén.

En síntesis, *A Carón do lume* é un libro merecente de gabanza. Xavier Prado—de quen, si mal non enxerguimos, iste é o primeiro ensaio—indubidablemente qu'está chamado a faguere mellores cousas, pois n-el hai ispirazón, soltura, humorismo fácil e un sutil e fino instinto d'observazón.

Un prólogo de Martínez Sueiro esquirto en castelán e ategado de cousas ben ditas forma como o pórtico, a entrada do libro que comentado deixamos, e no que unha eiscelente imprentazón é como digno e xen-tíl coroamento.

bótar por terra a sagra labor palinxenésica.

Pra nos a redenzón galega non é, non podería selo de ningún xeito, o sempre desarrolo d'un acoplamento d'eisixenzas materiaes, moi dignas de sere tidas en conta, iso si, mais non satisfacedoras das nobres eisixenzas qu'a espiritualidade d'un pobo reclama. No mundo hai algo mais còs imperativos da andorga. Si o programa galeguista consistise soamente na porcura do remedio d'unhas necesidades materiaes o galeguismo sería despreciábel. Pro o galeguismo é moito mais. O galeguismo é espiritualidade e intensificazón de vida anímica. Olla á terra e ela é de cote por él consideirada con aquela atenzón fonda qu'a esmagante realidade impón. Mais ¿qué decir isto qu'a súa autuazón teña de circunscribírese eisclusivamente a rastreal? Non soio de pan vive o home. N-él latexa de cote unha suprema aspirazón idealista. E ista aspirazón idealista concretada temol-a nós no regramento-programa fai poucas datas aprobado. Ten iste regramento programa a outa virtude de recoller en sí ainda aquilo que por moi insignificante semella a máisima redución d'unha arela noble. E como n-él non soio a materialidade ten acollida, sinón qu'a idealidade fica moi outa, os grupos galeguistas qu'o acollan non poderán fracasar endexamáis. Abondo amostranno os insiños de tantas mortas campañas. O noso novo porgrama vai reseñado cò cuño da súa confeuzón empírica.

Fique sempre o camiñare a ras de terra pr'ós probes d'esprito, pr'ós malpocados alonxados da realidade e poboadores do mundo das abstraucións. Nós queremos remontarnos, erguel-o noso vôo, outo e firme, pol-a rexión serea da realidade, sin pôr tasa endexamáis ás arelas redentoras qu'en nos latexan. Conténtese quen queira e poida coa resoluzón d'unhos problemas necesarios mais non esenciaes. Nós, os galeguistas, queremos moito mais. Y-e por isto pol-o que o noso problema non ficaría resolto, cal o d'outros, con que s'atendesen certas petizóns. Hai porgramas fácilmente susceptibles de desaparición. O noso non. O noso é algo inalienable, algo tan inherente á persoalidade galega que con ela ten d'esmorecérese ou de trunfare.

H.

SIN XORDINA

O GALEGUISMO TRUNFANTE

O movimento redentor qu'as «Irmandades da Fala» iniciaron e que tan soio elas son capaces de levar a feliz termo, non decae nin decaerá endexamáis. Por riba de todol-os oustáculos, qu'a trabucazón ou mala fe intente pôr no seu camiño, háchase, e hacharase de cote, a tenacidade rexa e a pureza inmaculada de todol-os homes qu'as integran. Loitando d'ise xeito, nas condicións ditas, nada poderá detêr a marcha segura, reutilínea, trunfal que leva en dereitura ô arelado trunfo. Pr'ós homes de fe, de ideaes ergueitos, o verbe *fracaso* non eisiste

endexamáis. Os contratempos, as defeucións son os altos indispensabres qu'a marcha eisixe pra o redobre das enerxías. Quen a cotfo comulga no santo ideial patriótico de redimil-a patria escravizada e desnaturalizada, viste o seu espírito co-a férrea armadura do convencimiento, armadura na que s'estrelan as cubizas cativéis e os particularismos doentes. O santo convencimiento que latexa nos galeguistas é o ariete demoleedor das insanas concupiscenzas e dos malfadados propósitos que cobardemente, ou cicais moitas veces por inconscenza, pertenden

FALA OUTRA VEZ O FÓSIL

¡Que nos deixen en paz os vellos chochos!

Nós propoñemos pr'á semana galega, que orgañan os políticos do vello réximen en Santiago, unha cousa moi axeitada: que

se ll'ofreza a presidencia d'ela a Barcia Caballero.

O espírito pequeno, do vello morto en vida, «bo médico antr'os literatos e bo literato antr'os médicos», cadrará ben na dita muiñada caciquil, onde todol-os fósiles do verbaleiro século XIX que sobreviviron ô seu fracaso, terán voz sin atopar a bota que deberan atopare.

Barcia Caballero non escarmenta. Logo de dicire a chea de parvadas que dixo respeito a Cabanillas un día, e outro respeito a Brañas—na nosa colección témolas fixadas—volve agora ás andadas.

Chochea o vello. Ou non chochea. Sigue quizáis co seu costumê, c'o costume da maoría dos galegos chamados culto, d'adulare a todol os Sexismundos. Xenio e figura...

Falando do libro de versos de Xavier Prado «A carón do lume», di: «*por su bien no paga tributo a la plaga corriente de hablar de redención, ni del caciquismo; es quizás de lo menos malo que se gasta en esta desventurada época.*»

Certo que Barcia está no manicómio de Conxo. Pro inda eisl non é merecente de disculpa.

Iste home que atópase preto da morte, repersenta a vella Galicia. A Galicia do rexonalismo homildoso e *folk lórico*. Do rexonalismo en verso. Do rexonalismo que quer o galego na poesía mais non na prosa. Iste home é un símbolo. E o que imos a enterrare as xuventudes novecentistas: o que da as boqueadas poñendo total-as cobardías e total-as claudicazóns nos seus cantos que lembran graznidos de corvo.

¡Vellos chochos e adulós que non soupéchedes creare ningún valor novo; que aloumiñáchedes o látigo dos que fan escrava a Galicia; vellos ridícalos culpabres do triste xeito no que se atopa a nosa terra; vellos labercos profanadores do espírito que latexa nos versos de Rosalía, Pondal, Curros e Lamas Carballal; vellos imbéciles e escuros que non entendedes ôs bos e xenerosos de que falou o Bardo, a posteridade, emborcando a vosa lembranza feita feixe de poetas sin alma, na cova do esquecemento, despreciará a vosa obra d'escravos vountarios, como se rin de vos os mozos galeguistas d'oxe.

O menos cruel que se pode facer c'o Barcia Caballero e pôr na sua tumba ista lenda: «Eiquí durme o derradeiro sono un home que chamou plaga ás arelas latexantes da xuventude galega pól-a redenzón da terra e pól-a liberazón do caciquismo».

¡Vivirá no limbo ise vello que chamándose cristiano non sinte carraxe ante os ruins asoballamentos dos homildes pol-os amos das aldeias, nin ante o sangue vertido por mulleres e vellos en Nebra, Sedes,*etc.

O FIADEIRO

Son cuasemente as nove
d'unha noite d'inverno.
Car'á corte d'o tío
Tomás, o «Vinculeiro»,
(qu'en clas de corte tévovos,
según dín, moito mérito),
chouqueleando os zocos,
cubertos os mantelos
y-alumando a calzada
c'unhas pallas ardendo,
van un fato de mozas,
unha vella y-un vello.
Xa chegaron; a porta
doulles paso xemendo,
e dispóis d'un saúdo
pr'ós que xa estaban dentro,
os chegados aníñanse
d'o muro ó pé, n-o estercó
que alfombra brandamente
aquil salón sobérbeo.
Vense dentro d'a corte
homes, mulleres, nenos,
dúas vacas, tres ovellas,
unha porca e seis réllos.
O candil, fumegante,
metéu o rabo teso
n-a xunta de dúas pedras
e bambéase ledó,
faguendo que alumea
sen conseguir faguelo,
Unhas mulleres fían
e cuspiñan os dedos
de cote, pra qu'o liño
se retorza con xeito
y-o fuso non esbare
y-ande por forza rexo;
outras, d'as mazarocas
meadas van faguendo,
e todas danll'á lengoa
d'un modo que dá xenio.
Os homes, soparados,
sentados ou direitos,
zugan d'o cigarrillo,
que n-o cosco envolveron,
os gases asfiseantes
y-acúpanse do inverno,
que *tal vai que non deixa*
nin aresta n-os eidos.
Catro mozos, sentados
d'a reunión n-o centro,
c'unhas cartas de loito
e dobradas ó medeo,
xógan, ôs seis partidos
de brisca, çatro nétos
que s'han beber, Dios diante,
n-a cibdá, pr'ós Remédeos.
—Váite mal.
—Encartoume..
—Vai a pufo.
—Veremos.
—Mata.
—C'un estadullo.

—Se non tés brisca, tentos.
—Ponte n-ise cabalo
—¿C'o dito ou c'un pequeno?
.....
—Calai; ¿non escoitades?
—Sonvol-os de Boeiros.
—Ise que canta é fillo
d'o tío Xosé o «Xerelo»...
N-as negruras d'a noite
acarrexaba o vento
un a-la-lá dôrido,
longo y-agarimeiro,
que, pouco a pouco, oubíase
de cada vez mais préto
Por fin, abreuse a porta
y-entraron dando bérros
sête mozos armados
con cada seu fungueiro,
y-un d'eles, sin andarse
con voltas nin rodeios,
chimpóu d'un fungueirazo
o candil, e xa feito,
n-a escuridade armouse.
algarabía d'o demo.
—¡Ay, miña nai quiridal
—¿Ti estás tolo, Xerelo?,
vásme rompela chombra,
condanado, está quedo.
—Vaia, formalidade.
—Mira Xosé, que bérro.
—Mi padre, rasque un misto
e mire s'anda rexo
senón iste demóneo...
—Ee, caráfio, qu'ê eso?
A ver si te divirtes,
¡ora o pito famentol,
il por forza está tolo,
pois soltáchela a tempo,
que si seguir seguiras...
ibas levar de xeito.
Fígose lus e paces;
funceonóu o pandeiro
e cantouse e beilouse
hastra qu'un home vello,
dispóis d'unha consulta
co'as estrelas d'o ceo,
dixo: van dal-as dúas,
e pol-o tanto entendo
qu'ê hora de deitarse.
Seguindo aquil consello,
a xente unha tras d'outra
fois'en busca d'o leite,
Pouco dispóis, d'o pobo
era dono o silénceo.
Solamente zoaba
camiño de Boeiros,
un a-la-lá dôrido.
longo y-agarimeiro,
que, pouco a pouco, oubíase
de cada vez mais léxos.

XAVIER PRADO (Lameiro).

O QUÉ A PORTA DO SOL

Un xuício de valía

O notabre novelista Antonio de Hoyos y Vinent, publicou no diario madrileño *El Día* un artigo que non ten desperdicio.

D'il, son os anacos que traducimos.

Amóstrase n'eles o que a tan nomeada Porta do Sol e dise de onde ven a nosa decadencia.

E un xuício imparcial; tanto, que poderíase dicir mais ben «A Porta do Sol xuzgada por ela mesma».

PORQU'O gran pecado, o maior de todos, o que é síntesis e compendio de todos os demais na vida española, o que inutilizou todo xeneroso esforzo, todo ideal nobre, toda iniciativa, foi luchar cós ollos

OS FROITOS DO CENTRALISMO

A CIBDADE CONTRA DO CAMPO

Houbo xornalistas da Cruña que, vendo o aumento de prezo das carnes galegas, pidiron que se trayan d'Arxentina carnes frigoríficas.

E dicire, amoqueamos á maoria dos galegos pra favorecer a uns poucos habitantes das vilas.

Aos obreiros e aos señoritos do que-ro e non poido.

Como si os obreiros vilegos non tivesen na man o remedio co'a suba dos xornaes; e coma si os señoritos que viven coma zúnganos de colmea, do presuposto, fosen merecentes de moitas consideraciós.

C'o a traguida das carnes frigoríficas encheríase de fame o campo, e o comercio das poboaciós, sufriría moito.

Ademáis ¿co'a carestía dos fletes e sin barcos axeitados pra traer aquelas carnes, coida alguén que o problema ten solución por ise lado?

postos na Porta do Sol. A Porta do Sol é a gran disgracia da nosa Patria, o verme que roe as enerxías, a mosca venenosa que porduce o sono, o veleño que amodorra; a Porta do Sol é a escola da vagancia, a cadeira da preguiza, o xardín do esquecemento. Y-eiquí pintores, escultores, xornalistas, políticos, viven cos ollos postos na gran praza madrileña, fanse a ilusión de que, trunfantes alí, trunfaron en toda España, no mundo enteiro, que venceron o tempo y'ó espacio. E a Porta do Sol non é nada mais c'unha praza de villorrio, un cocherón

de tranvías. A Porta do Sol é o mais mal-sano, abafante e inutilizador qu'eisiste. Gracias a ela ninguén intenta traguere ô arte, â ciencia, e â política unha idea nova; gracias a ela as xentes chegan a crêr que como eles non ollan outra cousa, non eisiste nada mais.

Os políticos españoles dende que fai xa moito, moito tempo, iniciouse o desastre, viviron coma si ignorasen ô resto do mundo. Os guerreiros, os vellos xeneraes da asonada, coidaban que con ser héroes na Porta do Sol, éran xa no mundo enteiro, e qu'o día que uns revoltosos matábanlles

un cabalo na gran praza, en París, en Londres i-en Nova York abraiábanse as xentes. E o mesmo sucedeu c'os políticos, os artistas e os técnicos. Na Porta do Sol incubouse o desastre que hundiu a escodra en Cavite, no cocherón foi onde se hincharon os tópicos da nosa invulnerabilidade, cando todo era un soio i-enorme talón d'Aquiles, alí cultiváronse as necias gayólas qu'arruñaron e desprestixiaron a España.

Non, e mil veces non. Hai qu'esquencer a Porta do Sol, e vivir c'os ollos postos na Europa, no mundo enteiro, é perciso non illarse espiritualmente dos outros».

PÁXINA ESCOLLEITA

OS OLLOS QUE VIRON

Iste senso cabalístico do mundo que semella descarnal-as almas dos corpos, qu'empresta a total-as auciós un significado sobornatural, enchéndooas d'eternidade, de responsabilidade e de misterio, estremecéu a miña alma de neno, como un vento nouturno. Aínda lembro a anguria da miña vida n-aquel tempo, cando estudiaba latín baixo a férula de un crego aldeán. Todol-os sucesos d'estonces aparécesenme en luz d'anoitecer i-en un vaso d'orballeda.

Reuniamosnos na cocíña. A ama, có gato na falda, asaba castañas: o crego lía o seu breviario; eu salaiaba sóbor do meu Nebriza. Chamaban á porta. No colo da ama espreguizábase o gato, e entraba unha vella qu'acudía á vela despóis das cruces. Era cega, cega dende mocíña; cega das mouras virolas. Sabía contar contos, e todos tiñan unha evocación nouturna: Ceio estrelado, ramas d'álbores, vento húmedo, luces pol-os camiños, martas pol-o frío das tellas. Entraba con un estremecimento de friaxe, chea de lúa e de campo. Os seus contos endexamáis sucedían no mundo dos nosos sentidos. Eran relatos campesinos que trocaba en mitos a yalma milenaria d'aquela labrega cega; semellaban grimorios imbuídos de poder cabalístico, tan relixioso era o respeito que poñía no signo d'algúnhas verbes. As figuras, o ondular dos ropaxes, o rumor das pisadas, o tremare das almas, as vidas e as mortes, todo hachábase ateigado de tauraturxía e de misterio. Deitaba unha sensación de silencio tal d'aqueles relatos forxados d'augurios, de castigos, de mediazóns providenciaes, qu'o paisaxe qu'os ollos da narradora xa non podían ollar, tiña o acougo das imáxenes aprisioadas

nos espellos máxicos. Denantes de cegar fora costureira, e gardaba do campo unha visión d'anoitecido; cando finaba a tarefa iba ás cruces. A eirexa, antre alcipresses, tiña un adro verde cuberto de foxas. Era antre medias de mainzales e camiños lueiros.

Aquel paisaxe acendrado, inmovilizado, recendente de lembranzas, era o das súas historias. Total-as cousas hachábanse imbuídas d'un misticismo estático: as almas en pena, as mozas ofrecidas, os roubos e as mortes, mesturábanse en auciós fondas e silenxosas que mais semellaban seren olladas pol-as estrelas do ceio que por ollos humanos. Desaparecía a idea temporal; eran auciós contempredas por unha concenza difusa, milagreira e campesina: a concenza d'un Karma. E, ô xeito qu'acontece nos sonos, a lóxica espiritual das auciós crebaba a lóxica dos corpos. Aquela cega d'aldeia cando contaba as súas historias semellaba hacharse fitandoas no fondo da súa yalma. Algunhas tiñan o terror tráxico dos poemas primitivos; por derriba d'outras pasaba o vóo inocente dos ánxeles. A yalma da cega era como unha caricola mariña chea de resoancias; ouvía as voces de cen xenerazóns, hachábase ateigada do rumor dos mainzales, e os contos que contaba semellaban nados ô longo dos sendeiros, baixo o infruxo da lúa.

Pra qu'as nosas creazóns belas e mortaes sexan divinas prantas, penetremos relixiosamente baixo ise arco de luz onde total-as cousas son preto e lonxe, crebados os lazos do lugar e da hora. Felices os ollos que cegan despóis de teren ollado, porque purifican o seu conocimiento de xeometría e de cronoloxía.

RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN.

Efemérides galegas

JUNIO

Día 1

1518. Sentencia de morte contra don Pedro de Soutomayor por ter mandado matar á condesa de Camiña, súa propia nai. Os autores materiais do crime foron Mingos Troiteiro e Jan Martis.

Día 2

1913. Morre en Madrid o ilustre crítico de arte D. Rafael Balsa de la Vega.

Día 3

1770. O navío *San Francisco de Paula* entra no Ferrol, en conserva do *Santo Domingo*.

Día 4

1806. Nace en Ribadéu o médico e escritor D. Agustín María de Acevedo.

Día 5

1264. Confirmación do privilegio outorgado por Fernando II de Leon en 1169,

libertando de varias cargas aos habitantes de Pontevedra.

Día 6

1750. Ponse a quilla no navío *Asia*, primeira do astilleiro d'Esteiro.

Día 7

1809. Encomenza a batalla de San Payo que durou este día e o seguinte, e terminou co'a derrota dos franceses.

Día 8

1659. Morre en Santiago o inquisidor D. Pedro María Osorio.

Día 9

1881. Conceden ao Concello de Ferrol o tratamento de *Escelencia*.

Día 10

1384. Fernán Peres de Andrade solicita licencia para doar ao convento de Montefaro o couto de Mugardos.

Peneirando...

NA *Gaceta de Galicia* de Compostela, se non imos trabucados no nome do xornal, publicouse fai poucas datas o retrato de Vicente Pastor.

¡Canto flamenquismo noxento botouse

enriba de Compostela d'algunos meses á data!

¡Ai Rosalía, santa e divina Rosalía, canto parvo e canto escravo s'atopa na nosa terra!

O deputado pol-os rueiros da circunscrición da Cruña, o deputado de 800 votos vi-

legos, xa voltou de Madrid, despois de conquistar aló moitos loureiros.

Coma deputado de boca pechada e de sí e non, que en ves de falare no Congreso entretíñase en descubrírnos ós políticos coñecidos de todos nas columnas do seu xornal ridícolamente provinciano.

Haibos isidros de camisa planchada, abofé.

A Bugallal chamoulle cursi no Congreso Indalecio Prieto, e remedou, facendo rir a todos, a voz do conde cacique d'Ourense.

Homé; istaba facendo falla nomear polo seu nome a Bugallal.

E tan cursi como valeiro de miolos. ¿Quén non se lembra do discurso que pronunciou cand'o Congreso Penitenciario na Cruña?

Co'a lingua pequena todos eiquí xa lle chamáramos cursi.

Non rabeas, Benavides. A xenocracia finase...

Rodríguez Viguri (falamos d'outro cursi) fracasou no Parlamento. Coidou qu'iba chamare a atención das xentes. E xa vedes.

Nos ha dado la tostada el diputado por Lugo: tan parvo o Sr. Viguri coma o parvo de Besada.

O *Ideal Gallego* sempre que atopa ocasión céiballe un bombo a calquer deputado cuneiro.

(7 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

división do Bachillerato en seiciós, ao menos en dúas seiciós: unha de ciencias e outra de letras. Eu non son partidario, d'esta división, contra á que n'outros países, n'os que existe, ja se protesta, porque esnaquiza a bela unidade da cultura. Opóñome tamén a que se suprima o estudo d'as linguas clásicas tan proveitoso pra o refinamento do espírito. Creio que pode armonizarse o estudo d'as linguas modernas c'ò d'as clásicas. Lembrémonos que n'outros países o Bachiller sai sabendo grego, latín e unha lingua viva, ou dúas linguas vivas e latín. Estimo que pra obter bons resultados non debe prolongarse o Bachillerato pois anos d'abondo ten d'estudo o escolar até rematar a sua carreira.

VII

Agora, pasamos ao estudo da Universidade, ou millor dito ao da reforma e completación da nosa Universidade ja existente.

À Universidade déballe corresponder a formación profesional superior (aparte da súa misión geral educadora). Motivos condicionados pol-a historia fan que à Universidade non lle corresponda hoje canto debía corresponderlle (por exemplo a enxeñeiría). Mas, isto non fai ao caso. A profesión, a carreira d'un home pode ser ou unha técnica, aplicar o saber, intervir no mundo da natureza ou do espírito coñecendo as súas leis (medicina, dereito, albeitaría, química industrial, pedagogía) ou o investigar mesmo e polo tanto a produción da ciencia (profesión d'investigador). D'eiquí dous grupos de facultades: as técnicas que hoje son dereito medicina e farmacia e as teóricas ou as actuaes de ciencias e letras. Falaremos d'as derradeiras considerándoas conjuntamente pois a facultade que traballa na ciencia pura (Matemática, Física, Química, Ciencias descriptivas da natureza, Filología, Filosofía, etcétera), que se ocupa da pura investigación, chamáremoslle facultade de Filosofía lembrándonos do antigo termo grego Filosofía (Ciencia total). Non faremos nada novo pois está constituída e así se nomea na Alemaña. A dita facultade comprenderá as dúas de ciencias e letras que son tamén

ciencias. Esta facultade de Filosofía, que injustamente non temos, é preciso creala. Vejamos algunhas d'as súas características que ha de ter.

Diráseme: ¿Pra que juntar as dúas facultades (de letras e ciencias) d'estudos tan pouco somellantes? Responderéi eu: pra que poidase crear grupos homogéneos d'estudo e deixar ao estudante unha máxima liberdade precisa en toda evolución mental. No día d'hoje nada de ditos grupos existe. Un geógrafo nen sabe Geología nen comprende de feito, unha parola d'Antropología, nen de ciencias naturais! Seu estudo e sómente literario; é dicir, non é un geógrafo. Un filósofo non pode ser da mesma maneira mais qu'un retórico, ja que sendo a Filosofía a reflexión sobr'o saber e a vida, ignora toda ciencia as mais d'as veces, dadas as condicións n'as que lle pon a Universidade a vida. Por outra parte toda educación filosófica falla ao físico, ao naturalista; de maneira que as súas produccións serán sempre probes e limitadas no hourizonte intelectual. Toda outra cousa sucede co sistema alemão ou francés, onde o aluno escolle libremente unhas cantas asignaturas, onde traballa desde o punto de vista d'unha es-

O que é ise xornaliño safu de proveito.
De moito proveito.

Razón tiñan os señores da «Liga Católica» cando lle puxeron a figa.



N'Ourense inaugurouse un moimento a Lamas Carballal.

Ben pol-os oureanos. O autor dos sonetos *Deus Fratresque Gallaeciae* e *Pardo de Cela*, e do *Catecismo do labrego*, ten no noso corazón un culto d'amore.



Morren as circunscricións eleutorás.

¡Adeus Viguri, Queixo d'Anzobre e demais cunheiros besadistas!

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

Fábrica de Goras

— E —

SOMBREIRERÍA

DE

Lois Fernández Vieites

San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.—A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id.—W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.—A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.^a edición), 4 id.—SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.—REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.^a

Rúa Real, 49.—A CRUÑA

Consultorio Médico-Quirúrxico

J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral

ESPECIALIDAES

Pel, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia Reumatismo, Artritis deformantes Neuralgias, Arterio-esclorosis Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Suroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos a prezos e horas convencionales

Non se fai asistencia os fogares

Praza d'Ourense, 2-1.^o (esquiña a Picavía)

A CRUÑA

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.
Repesentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

ICANAS A FORAI

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

Aceite del Serrallo

— Y —

La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos trahicantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Repesentante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todos.

Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ó púbrico. O máis confortabre da Cruña.

Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellores agrupazóns musicas

:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten ó carón na rúa da Marina

IRMANOS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sómente o vende

A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Ponte San Andrés

A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMECCO, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto

de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO (matriculado) de todas istas mareas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41-2.^o piso.—A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL
(2.ª EDICION)

Líbrño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles pro-
SULFATO DE COBRE

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FRÁBICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espeellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

FARMACIA «A SILVA»

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

DEPÓSITO

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrêtado *Laboratorio de Gonzalo Formiguera*.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS

Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA

Waldo Losada


Rego d'Auga, 44

Anís INFERNAL.

Rhun TRINIDAD.

Xinebra Inglesa «Old Tom Gin» TIGRE.

Venta de viños ao por maior de todas as rexións de España.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.